



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
881960101
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescabootegal>



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2021

CONVOCATORIA ALUMNADO

De acordo coa resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG do 29 de setembro) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL do IES Cabo Ortegal, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo o establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as**, dun total de 4 representantes que poden ter no Consello Escolar.

Dado que actualmente hai dúas vacantes, no caso de presentarse máis de dúas candidaturas, os dous candidatos seguintes en número de votos aos dous candidatos máis votados entrarán a formar parte do Consello Escolar ata a próxima renovación parcial.

2. Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no centro, e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar e incluídos no Censo correspondente que a partir do 4 de novembro de 2021 está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do venres 12 de novembro.
3. Son elixibles os alumnos e alumnas que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na administración do centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende o venres 5 de novembro ata as 14:00 horas do venres 12 de novembro.

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público entre os alumnos e alumnas que non se presenten como candidatos/as o martes 16 de novembro ás 11:50 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do centro, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as actuando como secretario/a o de menor idade.
5. Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos existentes no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.
6. As votacións realizaranse no IES Cabo Ortegal o martes 23 de novembro entre as 10:20 e as 13:30 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día en acto público ás 10:15 horas.
7. Na papeleta de votación, cada elector fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado.
8. Finalizada a votación, procederase ao escrutinio de votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
9. Co obxecto de manter os períodos de renovacións, **os membros do Consello Escolar elixidos** conforme ao proceso adiado no curso 2020/21 **serán nomeados por un período de tres cursos escolares.**
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
11. O conxunto das actas das distintas votacións serán remitidas á Xefatura Territorial segundo o modelo do ANEXO I da Resolución do 20 de setembro de 2021 o venres 26 de novembro.

Cariño, 4 de novembro de 2021

O presidente da Xunta Electoral
Asdo: Manuel Otero Rodríguez